

## CONCURSO DE VÍDEO MÓVETE

### BASES LEGAIS

**1. Entidade organizadora do concurso** O organizador e responsable deste concurso é o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (en diante ILG), con domicilio na Praza da Universidade, s/n, 15782, Santiago de Compostela, e C.I.F. número Q1518001A (Universidade de Santiago de Compostela).

**2. Finalidade do concurso** A finalidade deste concurso é premiar os mellores vídeos que aborden os seguintes temas propostos polo ILG, todos eles vinculados coa lingua galega:

- Móvete co galego
- Conmóvete co galego
- Promove o galego

**3. Prazo do concurso** O concurso iniciarase o 1 de marzo de 2021 ás 00:00 horas e rematará o 31 de maio do mesmo ano ás 23:59.

**4. Modalidades de participación e requisitos das persoas participantes** Existen dúas modalidades de participación no concurso, participación individual e en grupo. Na participación individual, a persoa participante deberá estar matriculada en 3º ou 4º da ESO, en 1º e 2º de Bacharelato ou ben nun ciclo de FP Básica ou de Grao medio en calquera centro de Galicia ou dos territorios de fala galega. Na segunda modalidade, de grupo, pode participar o alumnado dunha clase de calquera dos cursos citados, baixo a dirección ou o asesoramento dun / dunha docente, que será o responsable do proxecto e a persoa de contacto. Unha mesma persoa pode participar nas dúas modalidades.

**5. Mecánica do concurso** Para poder participar, debe acceder a <https://ilg.usc.gal/50aniversario/concurso>, cubrir o formulario, onde se subirá o vídeo vinculado con algún dos temas propostos, e aceptar os termos e condicións do concurso. Na modalidade de participación individual, os datos proporcionados no formulario corresponderán á persoa autora do vídeo. Na modalidade de grupo, os datos corresponderán ao centro de ensino, grupo de clase e docente responsable. Só se poderá participar a través do formulario establecido ao efecto e baixo o cumprimento das presentes bases legais. Unha mesma persoa ou grupo pode participar con varios vídeos nun mesmo tema e así mesmo pode participar nun, en varios ou en todos os temas propostos. Deberá cubrir un formulario por cada un dos vídeos enviados.

Os vídeos serán difundidos a través das contas de Instagram e Twitter do ILG e a través da súa canle de YouTube. No formulario deberá incluírse un título ou un texto en galego dun máximo de 150 caracteres que acompañarán o vídeo cando este sexa difundido. A participación no concurso implica a autorización para que o vídeo sexa publicado na páxina web, na canle de YouTube e nas redes sociais do ILG. O material presentado levará indicación do nome que a

persoa ou docente responsable do grupo participante sinala no formulario e etiquetarase co nome de usuario de Instagram ou de Twitter proporcionado no mesmo formulario.

## **6. Admisión de obras**

Os vídeos deben ser inéditos e orixinais e non deberon ser premiados noutro concurso. As persoas e grupos participantes fanse plenamente responsables do contido do material presentado, garantindo que este é da súa autoría e que os dereitos de propiedade intelectual pertencen integramente e sen excepción a eles.

Os vídeos deben ter un tamaño máximo de 300 MB, unha duración dun máximo de 2 minutos e deben estar en formato MP4 .

Ademais do arquivo coa versión longa, debe enviarse outro cun avance ou teaser dun máximo de 15 segundos e un terceiro cunha imaxe fixa (frame ou fotografía realizada ad hoc) que funcione como cartel ou anuncio.

A organización reserva para si o dereito de excluír do concurso e non difundir vídeos cando se dean unha ou varias das seguintes circunstancias:

- 1) Cando non cumpran os requisitos sobre admisión de obras, tanto os técnicos como os relativos á autoría, ao seu carácter inédito ou á participación noutros concursos.
- 2) Cando non se adapten á temática do concurso.
- 3) Cando puidesen resultar de mal gusto ou ofensivos a xuízo da organización. Isto é tamén aplicable aos textos ou títulos que acompañan as obras.

**7. Adxudicación dos premios** O xurado, formado polas persoas designadas polo ILG, elixirá un máximo de tres persoas e tres grupos finalistas por tema. Valorarase a calidade e orixinalidade da peza, así como o uso creativo das tecnoloxías e das ferramentas empregadas.

A decisión do xurado darase a coñecer a través das redes do ILG e tamén será comunicada ás persoas interesadas mediante o correo electrónico ou teléfono de contacto indicado no formulario.

De entre os/as tres finalistas, o xurado escollerá unha persoa gañadora por cada un dos temas, tanto na modalidade individual coma na de grupo. Se as circunstancias o permiten, celebrarase un acto, onde se proxectarán os vídeos finalistas, se darán a coñecer os/as gañadores/as e se entregarán os premios. A data e a hora de entrega dos premios serán comunicadas ás persoas ou grupos finalistas a través do correo electrónico ou teléfono de contacto indicado no formulario e serán tamén difundidas a través das redes sociais do ILG.

O xurado pode declarar desertos os premios correspondentes a calquera das modalidades e/ou temas no caso de que estime que ningún vídeo reúne os requisitos para ser declarado finalista. Tamén quedaría deserto se algunha das persoas premiadas incumprise as bases deste concurso ou se non puidese ser localizada ata un día antes da celebración da entrega de premios. No suposto caso de que non houberse suficientes participantes no concurso, ou por calquera outro motivo interno do ILG, este ten o dereito de cancelalo.

**8. Premios** O premio para o mellor vídeo individual de cada tema consistirá nun teléfono móbil Iphone. O premio para o mellor vídeo en grupo de cada tema consistirá nunha videocámara. As/os restantes finalistas recibirán un smartwatch (modalidade individual) e un lote de libros (modalidade de grupo). O premio para o vídeo que obteña unha maior puntuación de acordo coas interaccións a que dean lugar (1 punto por gústame / favorito, 2 puntos por comentario e 5 puntos por rechío / compartido) ao longo de todo o concurso será unha tableta. No caso de

que este vídeo coincida cun vídeo gañador ou finalista, acumularanse os dous premios. Así mesmo, unha mesma persoa ou grupo poderá ser finalista ou gañador en máis dun tema. Ás/aos participantes que reciban algún premio entregaráselles tamén un diploma acreditativo e un pequeno agasallo.

Os premios na modalidade de participación individual son persoais e intransferibles. Os premios na modalidade de participación en grupo de aula son intransferibles e serán outorgados ao centro de ensino ao que pertence o grupo gañador ou finalista.

**9. Código de conduta** As persoas concursantes non deberán incluír nos vídeos mensaxes ou imaxes que atenten ou sexan susceptibles de atentar contra a moral, a ética ou o bo gusto, nin que infrinxan, violen ou conculquen os dereitos de propiedade intelectual ou industrial. A este respecto, cómpre advertir das consecuencias e responsabilidades nas que pode incorrer quen realice un uso ilícito ou fraudulento das imaxes ou textos. O ILG actuará de inmediato ante unha denuncia ou unha sospeita de que se poidan estar a producir infraccións dos dereitos de propiedade intelectual e procederá a eliminar inmediatamente o vídeo se xa fora difundido. O ILG declina toda responsabilidade sobre as consecuencias que a presentación a concurso voluntaria, consentida e deliberada dos vídeos por parte da persoa participante, que implica a súa difusión nas redes sociais do ILG, poidan comportarlle a si mesmo ou a terceiras persoas, ou sobre as consecuencias, ben da súa difusión ou exhibición por parte da persoa participante ou por outras persoas, ben da súa reprodución, mesmo noutras páxinas web, blogs, redes sociais ou en calquera outro medio, soporte ou modalidade de explotación dixital ou non, online ou offline, tendo en conta que tanto a publicación de comentarios ou a inserción de ilustracións e textos, como a súa divulgación ou difusión a terceiras persoas, son totalmente voluntarias e consentidas. Por tanto, a persoa concursante responderá directamente, mantendo o ILG indemne, ante calquera reclamación, queixa ou demanda de terceiras persoas en relación coa vulneración ou infracción dos posibles dereitos que puidesen derivarse dos textos ou materiais que a persoa participante presentase a concurso.

**10. Desvinculación de Instagram, Twitter e YouTube** Instagram, Twitter e YouTube non patrocinan, avalan nin administran de modo ningún este concurso, nin están asociados a el. A persoa participante desvincúlase totalmente de Instagram, Twitter e YouTube e é consciente de que está proporcionando os seus datos ao ILG e non a Instagram, Twitter nin YouTube. A información que proporcione só se utilizará para tramitar a participación da persoa ou grupo concursante e para comunicarlle o premio no caso de que resultase finalista ou gañador.

**11. Fiscalidade** A celebración do previsto concurso, así como a concesión dos premios, quedan suxeitas á normativa fiscal vixente.

**12. Aceptación das bases** A participación implica a aceptación na súa totalidade destas bases, cuxa interpretación será competencia exclusiva da organización. A manifestación, no sentido da súa non aceptación, implicará a exclusión da persoa participante e, como consecuencia, o ILG quedará liberado do cumprimento da obriga contraída coa devandita persoa participante. Ao aceptaren o premio, as persoas gañadoras ou finalistas asumen todos os gastos en que incorran, agás os que expresamente estean incluídos no concurso en cuestión, así como a responsabilidade que se poida derivar da recollida e utilización do devandito premio. En tal sentido, a persoa ou centro que reciba o premio será responsable de todos os impostos devindicados ou gastos que non se mencionen especificamente nestas bases.

**13. Dereitos da propiedade intelectual** O ILG reserva para si o dereito de usar os nomes e vídeos das/dos concursantes premiados indicando a súa autoría, así como de todas as persoas participantes a efectos da súa utilización en fins publicitarios nos medios que estime oportunos e sen necesidade de notificación explícita.

**14. Tratamento de datos de carácter persoal** A información facilitada polos participantes será incluída nun ficheiro titularidade do ILG. Esta información será tratada de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O ILG, como responsable do tratamento dos datos, garante a confidencialidade dos datos de carácter persoal facilitados polas persoas participantes, que se tratan de conformidade co establecido no Regulamento (UE) nº 2018/1725. A recollida e tratamento dos datos persoais ten as seguintes finalidades:

- Xestionar o concurso proposto nas presentes bases.
- A entrega e aceptación do premio por parte das persoas participantes gañadoras e finalistas. Se o desexan, poden facer uso en calquera momento dos seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos seus datos escribindo ao responsable do tratamento ao enderezo de correo electrónico que se indica a continuación: [ilgsec@usc.gal](mailto:ilgsec@usc.gal)

**15. Consultas e reclamacións** Para calquera reclamación ou consulta relacionada con este concurso, pódese poñer en contacto co ILG no enderezo de correo electrónico [ilgsec@usc.gal](mailto:ilgsec@usc.gal) ou por teléfono no 881812815.